# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE TEBRA
CURSO: 4º
MATERIA: EDUCACIÓN FÍSICA
MESTRE: MIGUEL ROMERO AZPITARTE
DATA: 10/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE


1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

2. **Avaliación e cualificación.**

3. **Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

4. **Información e publicidade.**

| 1. **Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles** | |
|---|---|
| Criterio de avaliación | Estándar de aprendizaxe |
| EF- B1.2 | 4º-EFB1.2.1 - Utiliza as novas tecnoloxías para localizar a información que se lle solicita. |
| EF-B1.3 | 4º-EFB1.3.2 – Demostra certa autonomía resolvendo problemas motores.<br>4º-EFB1.3.3 - Incorpora nas súas rutinas o coidado e hixiene do corpo. |
| EF-B2.2 | 4º-EFB2.2.2 - Mantense en equilibrio sobre distintas bases de sustentación a alturas variables.<br>4º-EFB2.2.5 - Mellora a súa eficacia nas repostas motrices ante combinacións de estímulos visuais, auditivos e táctiles no tempo e no espazo. |
| EF-B3.1 | 4º-EFB3.1.1 - Realiza desprazamentos en diferentes tipos de contornos e en actividades físico-deportivas e artístico-expresivas, intentando non perder o equilibrio nin a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.<br>4º-EFB3.1.2 - Realiza a habilidade motriz básica do salto en diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas sen perder o equilibrio e a continuidade, axustando a súa realización aos parámetros espazo- temporais.<br>4º-EFB3.1.3 - Realiza as habilidades motrices básicas de manipulación de obxectos (lanzamento, recepción) a diferentes tipos de contornos e de actividades físico-deportivas e artístico-expresivas aplicando os xestos e utilizando os segmentos dominantes.<br>4º-EFB3.1.4 - Realiza as habilidades motrices de xiro en diferentes tipos de contornos sen perder o equilibrio e a continuidade, tendo en conta dous eixes corporais e os dous sentidos, e axustando a súa realización aos parámetros espazo-temporais.<br>4º-EFB3.1.5 - Mantén o equilibrio en diferentes posicións e superficies. |
| EF-B4.1 | 4º-EFB4.1.3 - Coñece e practica bailes e danzas sinxelas representativas da cultura galega e doutras culturas, seguindo unha coreografía básica. |
| EF-B5.1 | 4º-EFB5.1.1 – Participa activamente nas actividades propostas para mellorar as capacidades físicas relacionándoas coa saúde.<br>4º-EFB5.1.3 - Coñece os efectos beneficiosos do exercicio físico para a saúde.<br>4º-EFB5.1.4 – Adopta hábitos posturais axeitados recoñecendo a súa importancia para saúde. |
| EF-B5.2 | 4º-EFB5.2.1 - Mellora o seu nivel de partida das capacidades físicas orientadas á saúde. |
| EF-B5.3 | 4º-EFB5.3.1 - Ten en conta a seguridade na práctica da actividade física, sendo capaz de realizar o quecemento con certa autonomía. |
| EF-B6.1 | 4º-EFB6.1.1 – Consolida o uso dos recursos adecuados para resolver situacións básicas de táctica individual e colectiva en situacións motrices habituais.<br>4º-EFB6.1.2 - Utiliza as habilidades motrices básicas en distintos xogos e actividades físicas. |
| EF-B6.2 | 4º-EFB6.2.3 – Realiza distintos xogos e deportes tradicionais de Galicia seguindo as regras básicas. |
| Competencias imprescindibles | CAA , CSC, CSIEE e a competencia motriz. |

| 2. Avaliación e cualificación | |
|---|---|
| **Avaliación** | Procedementos:<br>Valorarase so en positivo, analizando as producións enviadas polo alumnado |
| | Instrumentos:<br>A través da observación das fotos e vídeos que mandan as familias na aula virtual mediante rúbrica que se detalla no seguinte punto. |
| **Cualificación final** | Realizarase facendo a media dos dous primeiros trimestres e ademais tendo en conta o traballo do terceiro trimestre, onde sumarase un punto a nota final dependendo dos seguintes casos:<br>- Entregar ata a metade das tarefas propostas (0.25 puntos)<br>- Entregar ata a metade das tarefas propostas de forma correcta (0.5 puntos)<br>- Entregar todas as tarefas propostas (0.75 puntos)<br>- Entregar todas as tarefas propostas de forma correcta (1 punto). |
| **Alumnado de materia pendente** | Non hai alumnado con materia pendente. |

| 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación) | |
|---|---|
| **Actividades** | Xogos, vídeos explicativos e actividades interactivas. |
| **Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)** | Mando directo, mando directo modificado e resolución de problemas (Delgado Noguera) e traballo por retos. |
| **Materiais e recursos** | Vídeos, pdf, fotos e enlaces de actividades interactivas. |

| 4. Información e publicidade | |
|---|---|
| **Información ao alumnado e ás familias** | A información se transmite a través de dúas vías:<br>- Espazo Abalar<br>- Aula virtual da páxina web do centro.<br>As tarefas que se van levar a cabo cólganse na aula virtual o día que segundo o horario lectivo coincide coa materia. |
| **Publicidade** | Na páxina web do centro:<br>http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipdetebra/ |